

# Estrutura

## 1. Condicións xerais da proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao adecuarase ao currículo de bacharelato e versará sobre as materias xerais do bloque das materias troncais da modalidade elixida e sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II, todas elas correspondentes ao segundo curso de bacharelato e, no seu caso, sobre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso.

As administracións educativas e as universidades públicas organizarán a proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade e garantirán a adecuación da mesma ao currículo de bacharelato así como a coordinación entre a universidade e os centros que dispensan bacharelato para a súa organización e realización.

## 2. Estrutura da proba

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade estrutúrase en dúas partes denominadas respectivamente Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria.

- A **Parte Obrigatoria** da proba ten por obxecto valorar a madurez e destrezas básicas que debe acadar o estudante ao finalizar o bacharelato para seguiren as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, especialmente no que se refire á comprensión de mensaxes, uso da linguaxe para analizar, relacionar, sintetizar e expresar ideas, a comprensión básica dunha lingua estranxeira e os coñecementos e técnicas fundamentais dunha materia de modalidade. Versará sobre as materias xerais de segundo curso do bloque das materias troncais da modalidade elixida e sobre a materia de Lingua Galega e Literatura II:

MATERIAS TRONCAIS XERAIS E DE MODALIDADE			
Historia de España			
Lingua Española e Literatura II			
Lingua Galega e Literatura II			
Primeira Lingua Estranxeira II: Alemán / Francés / Inglés / Italiano / Portugués			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Fundamentos da Arte II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas CC.SS. II	Latín II

- A **Parte Voluntaria** da proba ten por obxecto a avaliación dos coñecementos e a capacidade de razoamento nuns ámbitos disciplinares concretos relacionados cos estudos que se pretende cursar e permite mellorar a cualificación obtida na Parte Obrigatoria. Versará sobre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba.

MATERIAS XERAIS TRONCAIS ESPECÍFICAS DE MODALIDADE			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Latín II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II
Matemáticas II	Latín II	Latín II	Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)			

Artes Escénicas	Deseño	Historia da Arte	Xeoloxía
Bioloxía	Economía da Empresa	Historia da Filosofía	
Cultura Audiovisual II	Física II	Química	
Debuxo Técnico II	Grego II	Xeografía	

### 3. Descrición da Parte Obrigatoria

A Parte Obrigatoria da proba constará dos exercicios seguintes:

#### 1º) **Lingua Castelá e Literatura II:**

Consistirá no *comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo*, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Castelá e Literatura II.

#### 2º) **Lingua Galega e Literatura II:**

Consistirá no *comentario, por escrito, dun texto non especializado e de carácter informativo ou divulgativo*, relacionado coas capacidades e contidos da materia de Lingua Galega e Literatura II.

**Nota:** Estarán exentos da realización do exercicio de Lingua Galega e Literatura II correspondente á proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade os estudantes con exención en Segundo de Bacharelato da materia de "*Lingua Galega e Literatura II*", que o soliciten.

#### 3º) **Historia de España:**

Versará sobre as capacidades e contidos da materia de Historia de España. Consistirá na *resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecementos e capacidades que deban seren avaliados* e o formato de resposta deberá garantir a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

#### 4º) **Primeira Lingua Estranxeira II** [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] cursada:

O exercicio terá como obxectivo *valorar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita* da Primeira Lingua Estranxeira e Literatura II da que se trate.

**Nota:** a efectos de organización da proba, *o estudante indicará na solicitude de matrícula na proba, a Primeira Lingua Estranxeira II* [Alemán, Francés, Inglés, Italiano ou Portugués] *cursada da que se examinará.*

#### 5º) **Materia Xeral de modalidade** de segundo de bacharelato cursada:

ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Fundamentos da Arte II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas CC.SS. II	Latín II

**Nota:** a efectos de organización da proba, *o estudante indicará na solicitude de matrícula na proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade a materia xeral de modalidade da que se examinará.*

Cada un dos cinco exercicios da Parte Obrigatoria da proba presentará *dúas opcións diferentes* entre as que *o estudante deberá elixir unha*. Cada exercicio terá unha *duración máxima de hora e media (90 minutos)*, establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, os exercicios de *Lingua Castelá e Literatura II*, *Lingua Galega e Literatura II* e da *Primeira Lingua Estranxeira II* da que se trate deberán desenvolverse nas súas respectivas linguas.

#### 4. Descrición da Parte Voluntaria

Na Parte Voluntaria da proba cada estudante poderá examinarse dun máximo de catro materias de entre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso de bacharelato e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba, a que fai referencia o artigo 31 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño)*.

MATERIAS XERAIS TRONCAIS ESPECÍFICAS DE MODALIDADE			
ARTES	CIENCIAS	CIENCIAS SOCIAIS	HUMANIDADES
Latín II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II
Matemáticas II	Latín II	Latín II	Matemáticas II
Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as Modalidades)			
- Artes Escénicas	- Deseño	- Historia da Arte	- Xeoloxía
- Bioloxía	- Economía da Empresa	- Historia da Filosofía	
- Cultura Audiovisual II	- Física II	- Química	
- Debuxo Técnico II	- Grego II	- Xeografía	

Os exercicios de cada unha das materias elixidas polo estudante consistirán na resposta por escrito a unha serie de cuestións adecuadas ao tipo de coñecemento e capacidades que deban ser avaliadas e cun formato de resposta que garanta a aplicación dos criterios obxectivos de avaliación previamente aprobados.

Cada un dos exercicios da Parte Voluntaria da proba presentará *dúas opcións diferentes* entre as que o estudante deberá elixir unha e terá unha *duración máxima de hora e media (90 minutos)*, establecéndose un intervalo mínimo de 30 minutos entre o final dun exercicio e o comezo do seguinte.

Para a realización dos exercicios da Parte Voluntaria da proba, os estudantes poderán empregar, á súa elección, calquera das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Nota:** a efectos de organización da proba, o estudante indicará na *solicitud de matrícula* na proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade a *materia ou materias* (máximo de catro materias) de *opción do bloque das materias troncais de segundo curso de bacharelato e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba, da/s que se examinará na Parte Voluntaria* de entre aquelas ás que fai referencia o artigo 31 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño)*.